



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374016
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELABRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA CATORCE DE XANEIRO DO
ANO DOUS MIL TRECE .

ASISTEN:

PRESIDENTE

D. Pablo José Taboada Camoira .

CONCELLEIROS

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

D. Amando Sande Agra

D^a. María Cristina Lodeiro Castiñeira

D. José Ramón García Vázquez

D. Horario Rouco Ferro

D. José Sabino Prieto Vázquez.

D^a. Noelia Vázquez Paredes

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Pablo Casal Espido

Faltaron con excusa o Concelleiro :

D^a. Ángela Pérez Vázquez

D. Antonio Blanco Estevo

Sendo as catorce horas do día dezanove de decembro do ano dous mil doce, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria urxente en primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á manxe, baixo a



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax: 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario - Interventor D. Pablo Casal Espido, que da fe do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión cá seguinte orde do día :

PUNTO PRIMEIRO: PRONUNCIAMENTO DO PLENO DA CORPORACION SOBRE A URXENCIA DA SESION.-

O Sr. Alcalde xustifica a urxencia da convocatoria da sesión sen mediar os dous días hábiles entre a convocatoria e a celebración da sesión en base a que a Xunta de Galicia deu a coñecer recentemente unha proposta informe sobre a modificación do novo mapa de emerxencias de Galicia que acaba de elaborar a Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza e que afecta directamente á Comarca da Ulloa e de forma especial ó Concello de Palas de Rei, proposta que considera, debe coñecer directamente o Pleno da Corporación co fin de adoptar o mais pronto posible unha posición respecto da mesma.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, declara urxente a celebración desta sesión.

PUNTO SEGUNDO.- ANALISE DA INCIDENCIA EN PALAS DE REI DO BORRADOR DO PLAN DE EMERXENCIAS DE GALICIA ELABORADO POLA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.-

O Sr. Alcalde explica que o día 8 de xaneiro de 2013 deuse a coñecer o novo mapa de emerxencias Galicia e recorda como, pouco a pouco, nos últimos tempos fóronse poñendo en funcionamento distintos parques de bombeiros comarcais. No mes de decembro de 2008, o entón titular da Consellería de Presidencia, Xosé Luís Méndez Romeu e o titular da



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 23
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
cancelopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Presidencia da Deputación Provincial de Lugo, o Sr. Gómez Besteiro, decidiron que as comarcas de Barreiros, Chantada, Sarria, Vilalba e Viveiro estrearían os seus respectivos parques de bombeiros e ninguén fixo nada para que o ámbito de actuación do parque de Chantada fose outro, deixando fora ó Concello de Palas de Rei dun xeito arbitrario. O Sr. Alcalde tamén recorda que, naquel momento, o Sr. Alcalde do Concello de Monterroso era o portavoz socialista da Deputación do Lugo. Posteriormente, e xa no ano 2010 o Presidente da Deputación de Lugo e o titular da Consellería de Presidencia, o Sr. Rueda, comprométese a dar solución ás denominadas zonas escuras fundamentalmente os municipios de a Montaña lucense e a unha parte da comarca da Ulloa, (o Concello de Palas de Rei). Tanto o Presidente da Deputación como o Conselleiro de Presidencia avanzaron que se está pensado nunha solución diferente, que se dará a coñecer nos vindeiro meses, e ambos novamente se comprometen a por en marcha un servizo de emerxencias que dea resposta ó 100% da poboación de Lugo.

Hai poucos meses, segue recordando o Sr. Alcalde, que o grupo socialista no Parlamento de Galicia instou á Xunta a aprobar un novo mapa de emerxencias adaptado a realidade actual.

A continuación o Sr. Alcalde explica con todo detalle o contido da proposta do novo mapa de emerxencias de Galicia e lembra que todos coñecían que os fondos europeos para o finazamento dos grupos municipais de intervención rápida (GRUMIR), rematarían no ano 2013 e, polo tanto, había que establecer uns criterios obxetivos e argumentados para a distribución dos novos grupos de emerxencia e de protección civil e estes criterios son:

"Criterio 1.- A non existencia de Servizo contra incendios e salvamento, xa sexa comarcal ou municipal.

Criterio 2.- Considerarase como localizacións oportunas aquelas nas que nun futuro puideran implantase novos SEIS, de forma que sería un paso transitorio ata que a nova estrutura estivera totalmente desenvolvida.

Criterio 3.- Criterio de peso de poboación, xa que existen zonas de alta concentración de poboación con mala ou nula cobertura actual por parte de seis.

Criterio 4.- Distribución o máis uniforme posible ao longo de todo o territorio, para intentar cubrir a maior superficie posible co menor número de puntos, intentando situalos nas localidades máis próximas.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Criterio 5.- Aquelas mancomunidades ou consorcios de Concellos con prestación mancomunada no Campo da protección civil. Acordo entre concellos limítrofes.

Criterio.- 6 Dar cobertura as zonas perimetrais non sendo obstáculos os límites administrativos das provincias.

Criterio 7.- Localizacións en zonas de montaña, con moi mala accesibilidade , onde os dispositivos de Protección Civil teñen tempos de chegada mais alongados.- As baixas densidades de poboación existentes nestas áreas veranse compensadas po outro tipo de intereses, principalmente ambiental.

Criterio 8.- Localización en zonas con riscos potenciais.

Criterio 9.- Tamén se considerou a súa situación estratéxica en canto a vías de comunicación, de forma que axilizar o procese de despregue e intervencións nas emerxencias (abarcando unha maior área en tempos de referencia aconsellados).

Criterio 10.- A existencia de medios e recursos municipais e estrutura organizativa de emerxencias e con experiencia en recursos humanos con formación en emerxencias.

Criterio 11.- Financiación entre Xunta de Galicia , Concellos e ou Deputacións” .

Seguidamente o Sr. Alcalde refírese ó financiamento do servizo que correrá a cargo da Xunta de Galicia nun 60%, da Deputación nun 20%, e o restante 20% a cargo dos Concellos e lembrando que todo isto xa se coñecía hai 4 ou 5 anos. Incide en que o establecemento da sede dun GRUMIR en Palas de Rei pretende que os veciños de Palas de Rei teñan a mesma cobertura que todas as zonas de Galicia. Menciona os Concellos de a Fonsagrada, Becerreá, A Pontenova, e outros gobernados polo PSOE, onde se crean tamén parques de emerxencia, o que ven a demostrar que esta nova distribución de grupos de emerxencia non atende a criterios políticos, senón a criterios técnicos. Así mesmo resalta que por fin se establecen as funcións destes grupos de emerxencias que por outra banda no estarán ubicados en municipios que xa contan con parque de bombeiros.

Intervén a continuación o Portavoz do Grupo Municipal Socialista, o Sr. Rouco Ferro, quen se congratula de que hai interese en que Palas de Rei, teña cousas e non perda servizos, e recorda que neste ano pasado perdeuse a Formación Profesional. Recorda como xa no ano



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdere.i.com

1997 foille concedido ó Concello de Monterroso o GRUMIR, gobernando o Partido Popular en Madrid, Galicia e Palas de Rei. Matiza que o Grupo Municipal Socialista apoiará, sen fisuras, ó Alcalde en todo o que sexa bo para Palas de Rei. Volve a lembrar que no ano 1977 ninguén protestou porque lle desen o GRUMIR ó Concello de Monterroso e non lle parece ético nin rigoroso quitarlle algo a uns para darllo ós outros. Praceríalle mellor traer un GRUMIR para Palas de Rei sen quitarllo a Monterroso. Isto está dando pé a que cando cambie o goberno da Xunta se quiten servizos dun sitio para levalos a outro. Cree que Palas de Rei tiña que ter un GRUMIR dende hai moito tempo, considera que é unha decisión política en toda regra e insiste no seu apoio sen fisuras á proposta do Alcalde.

Seguidamente intervén o portavoz do Grupo Municipal Popular, o Sr. Pensado Barbeira, quen felicita ó Sr. Alcalde por conseguir que Palas de Rei teña este servizo. Considera que as decisións son sempre políticas, pero esta está baseada en criterios técnicos. Pide o apoio do grupos socialista si ou si. Considera que debe ser a Deputación Provincial a que asuma o 20% que lle corresponde ós Concellos, xa que a Xunta sube do 50% o 60%. Lembra que non ten nada en contra do Concello de Monterroso, senón que o considera un pobo amigo, pero di que hai algún dirixente que falta á verdade na prensa. Pídelle ó Alcalde que siga neste camiño, di que non cre nos localismos senón na distribución de servizos sobre criterios obxectivos, e incide en que Palas de Rei é o centro xeográfico da Comarca da Ulloa.

Continúan as intervencións e, finalmente, sometida a debate e votación a proposta do Alcalde, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos nove membros presentes, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Mostar a súa conformidade cá nova proposta de modificación do Mapa de Emerxencias de Galicia.

Segundo.- Solicitar da Excma. Deputación Provincial de Lugo, a súa aportación os custos que supón a financiación dos grupos de emerxencia no que se inclúe o Concello de Palas de Rei así como a dos concellos afectados na nova distribución que afecta a este Municipio.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereii.com

Terceiro.- Comprometerse este Concello a facer a súa aportación ó financiamento dos grupos de emerxencia.

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as quince horas e cinco minutos , de todo o que eu, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE

O SECRETARIO